



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO DE
MÚSICA TRADICIONAL DO CONCELLO DE TEO**

Considerando:

- Que o Concello como institución pública debe ser un dos garantes da recuperación, difusión e mantemento do patrimonio cultural Municipal.
- Que en Teo existe unha gran riqueza no eido da música tradicional do século XX coa presenza de formacións musicais como é o caso de "Os irmáns Lamas de Cornide" (primeira metade dos anos 30-década dos 80) e os "Enxebres de Cacheiras" (1940-1990), formacións que marcaron unha época e deixaron un importante capital musical e estético na zona da Ulla, capital conservado na actualidade por particulares do Concello.
- Que existe vontade desinteresada por parte destes particulares en que o Concello preserve e difunda este importante patrimonio
- Que algunhas destas formacións como é o caso dos Enxebres (a día de hoxe Asociación Cultural Os Enxebres de Cacheiras) foron recuperadas na actualidade (2001) por persoas do Concello vencelladas á música tradicional preservando as pezas e os traxes da época e recibindo por elo importantes premios en distintos concursos e certames.

O Grupo Municipal do B.N.G propón a adopción do seguinte acordo:

1. Que o Concello, como Institución, coordine a presentación e catalogación do material existente tanto musical (partituras, sonoro) como fotográfico.
2. Que o Concello actue como difusor (a traves da súa páxina Web e dos seus catálogos turísticos) deste patrimonio, preservando o mesmo en formato papel (haberia que considerar a posibilidade de realizar unha publicación) como en formato informático.

En Teo a 29 de Xuño do 2004

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez
Portavoz Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO